

A NOITE QUE DEIXOU DE CHOVER

1511

Alfonso Zarauza, 2008

ESTREA EN NUMAX: 26.04.2025 | V.O. | 90 min

Spleen (Luis Tosar), un tipo pouco corrente, pasa as noites filosofando até o amencer na compañía dos seus amigos da Taberna dos Dramáticos, santuario bohemio que frecuenta desde hai anos. Despois de tres meses de choiva ininterrompida, de súpeto unha noite deixa de chover. Spleen sae daquela mercar pan e coñece a Rusa (Nora Tschirner), unha muller louira que encarna as súas ilusións. Xuntos emprenden unha viaxe insólita, tenra e surrealista a través da noite e do interior de si mesmos que transformará a súa vida por completo.

A longametraxe irá precedida da curta "A danza de Katiuska" (1998, 15 min), protagonizada por Luis Tosar e Ursia Gago.

O pase contará con presentación e coloquio con Miguel de Lira e Alfonso Zarauza.



Entrevista con Alfonso Zarauza: «'A noite que deixou de chover' está ateigada de recordos da miña propia experiencia vital en Compostela»

Que lembranzas conservas da cidade na túa infancia? Teño moitísimos recordos da miña infancia na cidade. O meu mundo aglutinábase en tres zonas especialmente: Sar, La Salle e Conxo. E logo o ensanche e a zona vella onde iamos de compras ou de paseo. Con tres anos entrei no parvulario do convento de San Paio de Antealtares e alí estiven tres anos até que ingresei a La Salle.

O barrio de Sar/Belvís e Olvido era onde vivía. Xogaba con dúcias de nenos da zona. Recordo cando a zona dos Pexigos aínda estaba sen edificar e eran campos nos que eu xogaba na miña infancia. Un amigo meu sendo moi cativos, con oito ou nove anos, unha noite caeu polo burato das escaleiras dun deses edificios en obras. Estivo moito tempo no hospital. Lembro de facer unha cabana de madeira debaixo do loureiro das terrazas do Daca, o chan desas terrazas aínda era de herba. Lembro correr polas ladeiras de Belvís antes de ser parque, había dúcias de ovellas pastando. Esa era a Compostela da miña infancia, a Compostela das leiteiras pola mañá e o mercado de abastos con coellos e galiñas vivas.

A outra zona que teño moi vívida é a de La Salle, onde estudei toda a vida. Non só no interior do colexio e os seus espléndidos patios, tamén a zona do CGAC onde os xoves había mercado. E terceira zona é a de Conxo, onde vivían os meus avós. Recordo a transformación do barrio nos oitenta, das casas de pedra aos insulsos edificios de Ruafar e como foi perdendo a identidade de barrio. Todos os anos iamos ás festas de Conxo e San Serapio en setembro, sempre me chamou moito a atención porque nas verbenas saían “os enfermos” do manicomio, como lles chamaban.

Consideras que a cidade influíu dalgunha maneira nas túas rodaxes, como *A noite que deixou de chover* ou *Encallados*? Por suposto, esa verbena de Conxo ateigada de enfermos mentais sae recreada no filme *A noite que deixou de chover*. “A verbena dos tolos” onde os personaxe de Spleen (Luis Tosar) e A Rusa (Nora Tschirner) atopan a Manolito (Marcos Petete), que lles dá *flyers* da *rave* da fin do mundo. De feito, unha parte desa secuencia está filmada en Bonaval e a outra no interior do propio manicomio de Conxo. *A noite que deixou de chover*, *Encallados*, *A viaxe dos Chévere* e *Un fâneur en Compostela* están ateigados de recordos da miña propia experiencia vital na cidade. O mesmo podería dicir de moitas curtas filmadas nos anos noventa en Compostela.

A túa carreira profesional repartiuse entre Madrid e Galiza, consideras que é posible vivir do cine feito en Galiza a día de hoxe? A miña propia vida é unha constatación disto. Eu vivo do meu traballo no cinema exclusivamente e desde o ano 2009 resido na miña cidade, Compostela. Estiven en Madrid vivindo, tamén do cinema, entre o 1998 e o 2009, con algún período intermedio en Edimburgo, Brasil e Los Angeles. Non son o único cineasta que vive do cinema en Santiago: Jorge Coira, Dani de la Torre, Eloy Domínguez, Eloy Enciso, Jaione Camborda ou Quique Otero, entre outros moitos directores e directoras, viven ou malviven exclusivamente do cinema. Vivir do cinema en Galicia hoxe en día é posible e viable, aínda que sempre estarás exposto dalgunha maneira a unha certa precariedade. Pero iso é algo consubstancial a case que todos os oficios artísticos.